

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O VINTE E OITO DE MARZO DE DOUS MIL DEZANOVE.

ASISTENTES:

Alcalde-Presidente:

D. Bernardo Fernández Piñeiro.

Concelleiro/as:

Dna. Raquel Caruncho Corral.

[Incorporase á sesión sendo as 12h31min, durante a lectura do ditame relativo ao asunto do punto segundo da orde do día "Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019"]

D. José Simoes Couceiro.

Dna. Yolanda Vázquez Busto.

Dna. Silvia Fornos Permuy.

[Abandona a sesión sendo as 14h24min, concluída a votación relativa ao asunto do punto segundo da orde do día "Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019"]

Dna. Marta Pico Machado.

D. Francisco Javier Crespo Romeo.

[Abandona a sesión sendo as 13h15min, no transcurso do debate relativo ao asunto do punto segundo da orde do día "Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019"]

Dna. María Carmen Piñeiro Varela.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte.

D. Andrés Pérez Pérez.

Dna. Ana María Veira García.

D. Jorge Serafín Allegue Freire.

[Abandona a sesión sendo as 14h24min, concluída a votación relativa ao asunto do punto segundo da orde do día "Aprobación do límite de gasto non financeiro, do orzamento municipal e do cadro de persoal do Concello de Ponte deume para o exercizo de 2019"]

Non asisten:

D. Pedro Amado Sanmartín.

Interventora:

Dna. Lucía Varela Martínez.

Secretaria:

Dna. Marta Cajide Barbeito.

Na sala de sesións da Casa do Concello de Ponte deume, sendo as doce horas e vinte e seis minutos do día vinte e oito de marzo de dous mil dezanove, xúntanse en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocadas ao efecto, as persoas membros do Pleno do concello relacionadas á marxe, baixo a presidencia do señor alcalde-presidente, Don Bernardo Fernández Piñeiro.

Foron asistidos pola Secretaria e Interventora Municipais.



A Presidencia abre a sesión, procedéndose a tratar os asuntos incluídos na orde do día:

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- **SESIÓN ORDINARIA DE 28.02.2019.**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 12.03.2019.**

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO

LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES.

- **SESIÓN ORDINARIA DE 28.02.2019.**

- **SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DE 12.03.2019.**

(Expediente TEdC: 2019/G006/000045)

Recibida polas persoas membro do Pleno, a copia dos borradores das actas correspondentes ás sesións:

- *Ordinaria de 28.02.2019.*

- *Extraordinaria e Urxente de 12.03.2019.*

Esta Alcaldía-Presidencia formula a seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO. *Aprobar os borradores das actas correspondentes ás sesións:*

- - *Ordinaria de 28.02.2019.*

- *Extraordinaria e Urxente de 12.03.2019.*

SEGUNDO.- *Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.*

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro en Pontedeume, a luns 25 de marzo de 2019.”

O Presidente pregunta se algún/ha concelleiro/a ten algo que dicir ao respecto dos borradores de actas.

Toma a palabra Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG que indica, quere deixar constancia de que, na acta da sesión ordinria de 28.02, no realtivo á “Declaración Institucional de apoio ás traballadoras e aos traballadores de Poligal Narón”, que o BNG tiña presentado o texto en forma de moción, que se retira por sentirse representado, o seu Grupo, coa Declaración.

Concluídas as intervencións, sométense a votación os borradores de actas por separado, por non teren estado presentes as mesmas persoas nas distintas sesións:

- **Ordinaria de 28.02.2019.**

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 9 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, Dna. Marta Pico Machado, D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dna. Ana María Veira García; e **2 abstencións** de Dna. Silvia Fornos

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Permuy e D. Jorge Serafín Allegue Freire, por non teren estado presentes na sesión cuxo borrador se somete a aprobación, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Ordinaria de 28.02.2019.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

- Extraordinaria e Urgente de 12.03.2019.

Queda **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 10 votos a favor** de D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy, Dña. Marta Pico Machado, D. Francisco Javier Crespo Romeo, Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte, D. Andrés Pérez Pérez e Dña. Ana María Veira García; e **1 abstención** de D. Jorge Serafín Allegue Freire, por non ter estado presente na sesión cuxo borrador se somete a aprobación o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO. Aprobar o borrador da acta correspondente á sesión:

- Extraordinaria e Urgente de 12.03.2019.

SEGUNDO.-. Ordenar a súa transcripción ao libro de actas de acordo ao disposto no art. 110.2 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais aprobado por R.D. 2568/1986, de 28 de novembro.

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA.

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 25 DE MARZO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000005

SESIÓN Nº: 39/2015-2019

2.- APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

APROBACIÓN DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCIERO, DO ORZAMENTO MUNICIPAL E DO CADRO DE PERSOAL DO CONCELLO DE PONTEDEUME PARA O EXERCIZO DE 2019.



Expediente TEDeC: 2019/T004/000001

Formado o Orzamento Xeral deste Concello de Pontedeume correspondente ao exercicio económico 2019, así como, as súas Bases de Execución e o anexo de cadro de persoal, comprensivo de todos os postos de traballo, de conformidade co disposto nos artigos 168 e 169 do Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais aprobado por Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, e o artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, polo que se desenvolve o Capítulo I do Título VIN da Lei 39/1988.

En virtude do disposto nos artigos 12 e 30 da Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira respecto do límite de gasto non financeiro; 168 do Texto Refundido da Lei de Facendas Locais aprobado por Real Decreto 2/2004, de 5 de marzo, e do artigo 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril en relación coa aprobación do orzamento; e do artigo 90 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local en relación co cadro de persoal.

Tendo en conta os documentos que compoñen o expediente:

- A proposta de aprobación do límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 5.072.139,76 euros (de acordo co informe emitido pola Intervención municipal de referencia 61/2019)

- A proposta de aprobación do Proxecto do Orzamento Xeral para o exercicio económico 2019 cun importe equilibrado que ascende a 7.443.179,97 euros, no Estado de Ingresos e no Estado de Gastos, xunto cos seguintes documentos:

- * Proxecto de Orzamentos (detallando os estados de gastos e de ingresos)
- * Memoria explicativa do seu contido e das principais modificacións
- * Liquidación do orzamento do exercicio anterior e avance do corrente – neste caso se xunta o Decreto de aprobación da liquidación do exercicio 2018
- * Anexo dos investimentos a realizar no exercicio
- * Anexo do persoal municipal
- * Estado de previsión de movementos e situación da débeda
- * Bases de Execución
- * Anexo de beneficios fiscais en tributos locais
- * Anexo con información relativa aos convenios subscritos coas Comunidades Autónomas en materia de gasto social
- * Informe económico-financeiro sobre as bases empregadas para o cálculo dos ingresos e operacións de crédito previstas, suficiencia dos créditos e efectiva nivelación orzamentaria

- A proposta de aprobación do cadro de persoal, que deberá comprender todos os postos de traballo reservados a funcionarios, persoal laboral e eventual.

As dúas primeiras propostas foron informadas favorablemente pola Intervención municipal nos informes de referencia 60/2019 e 61/2019, asinados dixitalmente con data do 20 de marzo, remitíndose no informe 60/2019 respecto da proposta de aprobación do cadro de persoal ao sinalado nos informes emitidos con ocasión do orzamento de 2018.

Tendo en conta que ao non entrar en vigor o orzamento para o exercicio 2019 con data do 1 de xaneiro aprobouse a prórroga orzamentaria do exercicio 2018 ao 2019, actualmente en vigor.

Tendo en conta o anterior, esta Alcaldía-Presidencia somete a ditame da Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 5.072.139,76 euros

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 7.443.179,97 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DE INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS

Capítulo	Denominación	Importe	Porcentaxe
1	Impostos directos	2.049.502,69	27,54%
2	Impostos indirectos	55.000,00	0,74%
3	Taxas e outros ingresos	2.103.961,92	28,27%
4	Transferencias correntes	2.820.476,72	37,89%
5	Ingresos patrimoniais	0	0,00%
6	Alleamento de investimentos reais	0	0,00%
7	Transferencias de capital	318.144,82	4,27%
8	Activos financeiros	10.000	0,13%
9	Pasivos financeiros	86.093,82	1,16%
	Total	7.443.179,97	100,00%

ORZAMENTO DE GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS

Capítulo	Denominación	Importe	Porcentaxe
1	Gastos de persoal	2.969.518,25	39,90%
2	Gastos en bens correntes e servizos	3.066.992,27	41,21%
3	Gastos financeiros	250	0,00%
4	Transferencias correntes	389.066,54	5,23%
6	Investimentos reais	758.792,91	10,19%
7	Transferencias de capital	248.560,00	3,34%
8	Activos financeiros		0,00%
9	Pasivos financeiros	10.000	0,13%
	Total	7.443.179,97	100,00%

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

PERSOAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
01.00.00.01.0 1	SECRETARI A XERAL	A1-30	1	H. Nacion al	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade	Ocupada na actualidade por funcionaria en Comisión Servizos,
01.00.00.02.0 2	TECNICO DE ADMINISTRACIÓN	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante	



	LOCAL. XEFE DE SECRETARI A						
01.00.00.02.0 8	TÉCNICO DE XESTIÓN	A2-24	1	Ad. Xeral	Técnico medio	Vacante	
01.00.00.03.0 3 01.00.00.03.0 4 010.00.00.03. 09	ADMINISTRA TIVOS	C1-18	3	Ad. Genera l	Administra tiva	2 Propiedad e 1 Vacante	Adscricións provisionais de funcionarios novo ingreso grupo C1, Resolución Alcaldía nº 92 e 93/2015
01.00.00.03.0 5 01.00.00.03.1 0 01.00.00.03.1 1	AUX. ADMINISTRA TIVO	C2-16	3	Ad. Genera l	Auxiliar	Vacantes	Unha praza ocupada por adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007 Último contrato laboral asinado 02.02.2001 modalidade "Duración determinada circunstancias producción", categoría auxiliar administrativo.
01.00.00.03.0 6	ALCUACIL- PORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesi onal	Subalterno	Vacante	
02.00.00.01.0 1	INTERVENT OR	A1-30	1	H. Nacion al	Intervenció n/ Tesourería Categoría de Entrada	Propiedad e	
02.00.00.02.0 2	XEFE INTERVENC ION	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administra tiva	Vacante	Adscrición provisional, funcionario de novo ingreso, grupo C1, Resolución Alcaldía 171/2011
02.00.00.03.0 5	ADMINISTRA TIVO- INFORMATIC O	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administra tiva	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 10.03.1997, modalidade "obra servizo determinado" categoría Técnico Informático.
02.00.00.03.0 6 02.00.00.03.0 9	ADMINISTRA TIVO	C1-18	2	Ad. Xeral	Administra tiva	1 propiedad e 1 Vacante	O titular do posto ten adscrición provisional, funcionario novo ingreso, Resolución Alcaldía 181/2007. na actualidade

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							adscrito provisionalmente ao posto de Xefe de Intervención.
02.00.00.03.1 1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	
02.00.00.01.0 8	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	
02.00.00.02.0 3	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007
02.00.00.03.1 0	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	
02.00.00.03.0 7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría auxiliar administrativo.
03.00.00.01.0 1 03.00.00.01.0 2	ARQUITECTO	A1-28	2	Ad. Especial	Técnico Superior	Vacante 1	Funcionario novo ingreso.
03.00.00.02.0 2	ARQUITECTO TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante.	Funcionario interino.
03.00.00.03.0 3	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Funcionaria interina.
03.00.00.03.0 4 03.00.00.03.0 6	AUX ADMTVO	C2-16	2	Ad. Xeral	Administrativa	Vacantes	
03.00.00.03.0 5	AUX POL URBAN	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 13.01.1997, modalidade "Obra servizo determinado" categoría



							auxiliar policía municipal.
04.00.00.01.0 2	CABO	C1-18	1	Ad. Especial	Servizos Especiais	Propiedade	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007
04.00.00.02.0 3-10	POLICIA	C1-16	8	Ad. Especial	Servizos Especiais	3 Propiedade 5 Vacantes	2 Adscrición provisional, funcionario, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007. 1 permuta.
04.00.00.03.1 1	AUXILIAR POLICIA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.03.00.02.1 6	SEPULTUREIRO	E-12	1	Ag. Profesional	Persoal oficios	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 08.05.2003 modalidade "Interinidade", categoría sepultureiro.
06.00.00.01.0 1	TECNICO MEDIO EN SERVICIOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	Funcionaria interina.
06.00.00.03.0 2	AUX ADMTVO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade "obra ou servizo determinado" categoría auxiliar administrativo.
07.00.00.03.0 2	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	La funcionaria adscrita provisionalmente, na actualidade en excedencia por interese particular.
08.00.00.01.0 1	TECNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA	A2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	
08.00.00.03.0	AUXILIAR	C2-16	1	Ad.	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

2	ADMINISTRATIVO			General			Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996
09.00.00.01.0 1	BIBLIOTECA RIO-ARQUIVEIRO	A1-26	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo A1, Resolución Alcaldía 181/2007
09.00.00.03.0 3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, a ½ xornada. Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito ampliación xornada de ½ a completa de data 6 de maio de 2003.
09.00.00.02.0 3	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad. Xeral	Técnico medio	Vacante	

PERSONAL LABORAL

CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Nº de prazas	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
01.00.00.02.07	NORMALIZADOR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal, Resolución Alcaldía 181/2007 Último contrato asinado o 10.04.1997, modalidade obra ou servizo determinado, categoría técnico normalización.
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVICIOS	III-22	1	Vacante	



05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante	
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante	
05.01.00.03.07	CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Contrato asinado o día 09.06.2016, modalidade interinidade.
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)	Adscrición provisional de persoal laboral fixo, Resolución Alcaldía 181/2007. Últimos contratos asinados por ambos o 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría peón, Bases selección BOP nº 165 de 18.07.1996
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (1)	Os dous postos con adscrición provisional, Resolución 181/2007. Posto nº 1- Último contrato asinado o día 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría xardineiro, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 2.-Último contrato asinado o día 05.08.2002, modalidade interinidade, categoría xardineiro,
05.02.00.03.14-15	PEÓN	V-12	1	Vacante	
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1		Adscrición provisional de persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Contratación indefinida Oferta de emprego 1990. BOP. n.º 4, 04.01.1991
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO LIMPO	IV-16	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.05.01.02.19-20	CONDUCTOR	IV-14	2	Vacante (1)	Posto nº 1.-Contratación indefinida Oferta de emprego 1990. BOP. n.º 4, 04.01.1991 Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 29.10.2001, modalidade interinidade, categoría condutor.
05.05.01.03.21-23	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)	Adscricións provisionais persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)	Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997,

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					<p>modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.</p> <p>Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 17.03.2003, modalidade interinidade, categoría peón.</p> <p>Posto nº 4.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 10.02.1997, modalidade obro ou servizo, categoría peón.</p>
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (6)	<p>Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito de data 20.01.2000 de cambio a xornada completa.</p> <p>Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.08.2000, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 261 de fecha 13.11.1999.</p> <p>Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.02.1992, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría conserxe-celador, comunicación de realización xornada completa con escrito de data 20.01.2000.</p> <p>Posto nº 4.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.10.1985, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría limpadora, interinidade, comunicación de realización xornada completa, por escrito de data 02.10.1997.</p>
06.01.00.02.03	PSICOLOGO	I-22	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría psicóloga.



06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante	Persoal laboral temporal, Contratación interinidade o 14.04.2010,
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría animadora.
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obra ou servizo determinado, categoría educadora.
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DE FOGAR	V-12	8	Vacante	Posto nº 1.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar. Posto nº 2.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar. Posto nº 3.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar. Posto nº 4.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar. Posto nº 5.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.01.2005, modalidade contrato interinidade, categoría auxiliar fogar.
07.00.00.03.03	CONSERXE-CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría conserxe-condutor.
07.00.00.03.05	INFORMATICO	III-18	1	Vacante	

PERSOAL FUNCIONARIO POR PROGRAMAS

POSTO	GR-CD.	N.º DE PRAZAS	Remate Nomeamento
ADMINISTRATIVO	C1-18	1	08/10/2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TECNICO INFORMATICO	C1-18	1	31/07/2019

PERSONAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.

POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVE- MENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
Oficial de primeira	2	25/03/2019- 26/03/2019
Persoal técnico Centro Interpretación	1	30/04/2019
Limpadora	1	Fin interinidade.
Conductor	1	Fin interinidade.

Observacións:

Na relación da plantilla de persoal están incluídas as modificacións da relación de postos de traballo aprobadas en Sesión Plenaria de data 31.01.2019.

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2019, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirse copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicárase na sede electrónica.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Ponte deume a 20 de marzo de 2019."



De seguido, a Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; e **3 abstencións** dos concelleiros do PP(2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Francisco Javier Crespo Romeo e do BNG(1): Dna. Ana Veira García.”

[Incorpórase á sesión Dna. Raquel Caruncho Corral ás 12h31min, durante a lectura do ditame transcrito]

A Presidencia abre a quenda para o debate, quen xustifica a presentación do documento orzamentario na carga de traballo do goberno e da situación de acumulación de tarefas nos distintos departamentos municipais. Indica que o presuposto para este 2019 sofre unha pequena minoración de ingresos ao respecto do do exercizo anterior, tendo en conta que xa se ten pagado toda a obra do Mercado e que o orzamento de 2018 recollía os ingresos derivados do procedemento de regularización catastral se ben, o de 2019 recolle os derivados das edificacións regularizadas. Di que o orzamento foi elaborado en función da realidade e que non se recollen certos ingresos que se prevén, poñendo como exemplo o canon polas concesións dos postos do Mercado, o incremento daqueles derivada da revisión e actualización dos padróns unha vez que se incorpore un/ha Tesoureiro/a. Defende o incremento dos gastos de persoal, tendo en conta a modificación da RPT (urbanismo, contratación...) para a creación de prazas e reforzar servizos para a mellor prestación daqueles e xestión de recursos (implantación da administración electrónica, apertura do torreón os 365 días do ano...), que redundará nos ingresos; fai referencia e a contía adicada a investimento que cifra en algo mais de 2 millóns de euros, unha vez que se incorporen os créditos por obras pendentes, como as pistas de pádel e baloncesto. Considera moi importante o feito de que se incremente o investimento sen subir as taxas e os impostos, o que considera o reflexo dunha boa xestión do goberno, en tanto que non se incrementou a presión fiscal. Da conta de medidas adoptadas que benefician os ingresos municipais, como a obriga ás empresas que traballan para o concello a estar dadas de alta no IAE da localidade...a introdución no orzamento de axudas á natalidade, 300 euros por nacemento, aumentan as achegas a entidades, en función de número de socios e deportistas..., a novas entidades...; Di que a distribución económica é diferente que a de anos anteriores, co obxecto de levar un mellor control do gasto nas distintas partidas e pon como exemplo que, agora, cada área leva unha partida para a redacción de proxectos. O Sr. Alcalde-Presidente conclúe a súa intervención cualificando o documento como realista, fronte ao de mandatos anteriores, máis axustado á realidade, xa que se basea nunha estimación derivada dos anos anteriores e que considera o reflexo dunha boa xestión económica do goberno local que cumpre co obxectivo e compromiso de ter un orzamento para cada exercizo, se ben as circunstancias non fixeron posible a súa entrada en vigor o 1 de xaneiro.

Dna. Ascensión de Vicente Olarte intervéñ para preguntar polos ingresos doutras administracións da obra do Mercado, indicándoselle que se incorporaban ao orzamento mediante as oportunas modificacións.

De seguido toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP para indicar que non se contempla a praza de barrendeiro e se mantén á contratación privada. Fai referencia á situación do corpo da policía local e a contratación de auxiliares, en tanto que a plantilla está en mínimos e finalmente, remítese ao contido dos informes dos distintos departamentos sobre o tema de persoal e as presuntas irregularidades que se poñen de manifesto naqueles sobre a materia. No que respecta ao capítulo 2, di que o goberno local argumenta que se incrementa porque se amplían servizos, cando no 2018 dicía que se reducía proque se ían licitar algúns. No que respecta ás subvencións a entidades, di que o que ven é que só se incrementa a das festas. Fai referencia á diminución dos ingresos polo ICIO, que cifra en case a metade que a recollida para o 2018. Di que os gastos de persoal aumentan dun 8% considerando que sendo necesario o axuste da RPT á realidade, débese facer con

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

prudencia. No que respecta ao “esfuerzo inversor” di que, facendo unha comparativa (incorporación de remanentes...), é case o mesmo crédito destinado que no ano 2018. Refírese á diminución dos créditos adicados a seguridade e orde pública, a pesar da precariedade do servizo; diminúe a partida destinada ao alcantarillado, a pesar da problemática que se sofre durante todo o ano. Indica que o Concello non se acolleu á rebaixa que propuxo SOGAMA e remítese aos importes das facturas do arranxo da varredora e pregúntase como non se ten plantexada a compra dun novo vehículo no capítulo de investimento, así como de outros elementos do parque móbil municipal. Da conta do gasto de máis de dous mil euros ao mes que supón a contratación do barrendeiro da tarde. Fai referencia ao incremento do custo do mantemento da instalación eléctrica, en tanto o custo da enerxía non diminúe. Di que non hai investimento para co fomento do emprego, a pesar de que as taxas de ocupación da poboación non melloran e considera que non existe apoio ao pequeno comercio e PEMES e que non aumenta a achega á asociación de comerciantes. Pregunta sobre a situación do novo alguergue e se o orzamento recolle algo para esta actuación. Sobre o transporte colectivo, indica que a partida diminúe máis da metade, en tanto que se di que se incentiva..., conclúe a súa intervención facendo referencia ás achegas a entidades, que diminúen nalgún caso (olmo: de 1500 a 1100€, asociación río eume, de 1600 a 1250€...) e que, é por tanto, por todo o anterior, anuncia que o voto do seu grupo vai ser en contra da proposta.

Concluída a intervención do portavoz do Grupo Municipal do PP, toma a palabra Dna. Ana Veira García. A portavoz do Grupo Municipal do BNG comeza a súa intervención con dúas preguntas: sobre as transferencias correntes, que sofren un incremento de 100 mil euros e sobre a rebaixa de cen mil euros nos impostos indirectos e se isto último ten que ver coa actuación anunciada de ampliación de “leite celta” e se iso non se levou a cabo.

O Sr. Presidente indica que o incremento das transferencias correntes deriva dunha maior participación nos tritutos do estado e no fondo de cooperación local. No que respecta á diminución dos ingresos por impostos indirectos indica que no orzamento de 2018 se recolía o que se ía ingresar polo procedemento de regularización catastral (con catro anos de atrasos), e agora o que se recolle é o incrementetno. Sobre a actuación de ampliación en leite celta di que se está a tramitar o plan especial e que, tan pronto como se tramite, incorporarase. Indica que a redución é motivada porque se plasma unha estimación real e que seguramente se vai incrementar, pero que prefiren ser cautos.

Continuando coa súa intervención, Dna. Ana Veira García fai referencia á partida destinada ao Albergue que, mentres se di que vai haber máis actividade o que implicaría máis gastos, facendo referencia á limpeza, baixa de seis mil a catro mil euros, ao que o Sr. Presidente contesta que o motivo é que antes, ía todo nunha partida e agora vai por separado. O Sr. Fernández Piñeiro di que as baixas nas partidas derivan da estimación conforme ao que se gatou no ano anterior, co obxectivo de que o orzamento sexa o máis realista posible, o que se pode comprobar coa liquidación do dito orzamento. Dna. Ana Veira retoma a intervención dicindo que, no que respecta ao programa de asistencia social, que recolle a mesma contía que no 2018, cre que, en boa lóxica, se debería de facer algún tipo de incremento, en tanto que considera que a sociedade, neste tempo, vai necesitar moitas máis axudas. Di que lle chama a atención a partida adicada aos soldos dos conserxes dos centros de ensinanza, en tanto que diminúe ao respecto do ano anterior; considera un copia e pega a partida adicada a instalacións deportivas, por ser a mesma contía que no 2018; fai referencia á baixada na partida adicada ao mercado de abastos e lonxas, de 8 mil a 2 mil euros, en tanto que coa programación de apertura, o gasto debería ser maior neste ano; di que lle chama a atención o incremento, por tres, na partida adicada a información e promoción turística, polo que entende que se van facer grandes campañas; fai referencia tamén á baixada na partida adicada a acceso a núcleos de poboación..., intervindo para contestar a isto último o Sr. Alcalde para indicar que estas actuacións financiaranse con fondos doutras administracións. Sobre o alumeado, a Sra. Veira García cualifica como “serio” que se incrementa en cen mil euros o



gasto en alumado e que, entenderán, que se trata de contratos maiores. Cita o gasto en enerxía eléctrica do cemiterio, que se incrementou de 600 a 3200 euros, e que o Sr. Alcalde indica que derivou dun problema coa bomba da auga...; Para concluír a súa intervención, a Sra. Veira García remítese a anos anteriores, no relativo ao voto do Grupo Municipal do BNG para co orzamento presentado polo goberno local en tanto que, no ano 2017, o BNG votou a favor por empezar, di, a ir pola senda e apoiar a quen quería facelo; que no ano 2018, o BNG votou en contra da proposta, polas formas e polo fondo, que non consideraron axeitadas. No que respecta ao deste ano, considera que hai cousas que se repiten do 2018 e di que non lles parece moi adecuado que se presente uns orzamentos a mes e pico dunhas eleccións, tento en conta que se debería ter presentado nos últimos meses do ano. Di que se puido ter feito noutros momentos e que, no que respecta ás formas remítese á lei, en tanto que establece que se debería de ter presentado antes do 15 de outubro, polo que se presenta cun retraso importante; que pediron que lles fose presentado para poder facer achegas e que, unha vez presentadas, en ningún momento se lles chamou dende o goberno para comentalas. Sobre os prazos para o estudo do documento, que recibiron o día vinte para a celebración da Comisión Informativa o día vinte e cinco, cualifícao como mellor que outros anos, mais considera que, acudindo aos mesmos argumentos que o goberno sobre a falla de xente, non se ten en conta aos grupos da oposición, á hora de poder facer consultas sobre o documento, tendo en conta que dous días foron o fin de semana. Di que seguen a pensar que os orzamentos deben ser participativos e considera que estes non o son; que, falando do fondo, hai pouca variación nas partidas orzamentarias e que se atoparon con dificultade para facer comparativas; considera que se manifestan unha listaxe de intencións iguais que no ano 2019; remítese ao contido dos informes da secretaría e a intervención municipais do ano 2018, en tanto que poñían de manifesto defectos que cualifica como moi graves (provisión de postos, falsos contratos menores e falla de procedementos de licitación...), que segundo se indicaba era necesario regular en tanto que poderían supoñer prexuízos moi graves, e di que lle parece increíble que, con este informe enriba da mesa non se tivera adoptado medida algunha, en relación á falla de convocatoria dos procesos selectivos que se di, se vai facer agora, en tanto que dende o ano 2018, tendo en conta o contido do informe, estaban claros os pasos. Di que se segue exactamente igual, que a inacción do goberno segue sendo a mesma en tanto á situación dos contratos menores, servizos sen licitar (alumeado público, auga, piscina, gardería...). Considera que o goberno é responsable do que fai durante o mandato e que se continúa na mesma situación, facendo referencia á prórroga da gardería, ao proceso de revisión de ordenanzas, ao plan normativo de 2018 que foi unha copai do 2017 e que non se fixo nada...; di que non entende que non se tomen medidas sobre a situación, tendo en conta as irregularidades ás que fan referencia os informes e ás consecuencias a nivel legal dos incumprimentos que di, mirarán polo seu lado, en tanto que considera que pode ser unha falta ou un delicto o continuar facendo o mesmo. Fai referencia á política de externalización e que, segundo os datos do que se lle paga ás empresas, non se aforra. Di que se segue coa folla de ruta de externalización que no orzamento de 2018 e que segue sen falarse da licitación dos servizos, que se continúan amortizando postos de traballo para contratar empresas de fóra, mentres que o Sr. Alcalde reclamaba na oposición que isto non se fixese...; fai referencia á obra da gardería e á falla de previsión no orzamento para adicar a gastos para evitar situacións insalubres e perigosas, en tanto que a obra nova se vai facer sobre a vella e tendo en conta as características das persoas usuarias da infraestrutura (bebés e nenos de curta idade, que non poden estar sometidos a ruidos)...

[Abandona a sesión D. Francisco Javier Crespo Romeo, sendo as 13h15min]

Finalmente, fai referencia ao formato de convocatoria de subvencións, en tanto que considera se debería optar pola concorrència competitiva, poñendo como exemplo as convocatorias da Deputación da Coruña, en tanto que son entidades máis importantes e se fai, conforme ao legalmente establecido e conforme a criterios coñecidos por todas e todos xa que, no que respecta ás nominativas preguntase, por que esta cantidade e non outra? Di que a cidadanía merece un respecto e que a concorrència competitiva garante a igualdade e que non se caia en dádivas. Dito isto, anuncia o voto en contra do seu grupo.

De seguido, intervén o Sr. Alcalde-Presidente quen di que, sobre o tema das subvencións nominativas, e tal e como explicou na Comisión Informativa, a maioría dos clubs terían difícil

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

subsistencia sen a subvención do Concello. Indica que, na Deputación, as convocatorias son por concorrencia competitiva e tamén se dan subvencións nominativas, co voto a favor do BNG e con informes desfavorables, supeditadas ao interese provincial que se establece polos deputados e tendo en conta circunstancias concretas das distintas entidades que di, é o que se aplica en Ponte deume, en tanto que non significa que non haiba concorrencia e que se dean por amizade se non que, concédense tendo en conta os gastos que supón o desenvolvemento da actividade. Indica que nun futuro, cando se teñen unhas bases que garantan os mesmos ingresos e que as entidades non perdan fondos, co que entende todos estarán de acordo, convocaranse, ao tempo que convida aos grupos a facer unha proposta que mellore o sistema. No que respecta á licitación dos distintos servizos, di que se trata dunha situación arrastrada de etapas anteriores e defende a xestión do goberno local en tanto que propuxo unha modificación da RPT para dotar de persoal aos departamentos, como así se reflexa nos mesmos informes, que faga posible a tramitación dos expedientes co reforzo das distintas áreas. Di que, por tanto, non entende que a oposición vote en contra do que considera a decisión do goberno de mellorar as áreas (en relación ao voto da RPT), como que tampouco entende a crítica ao mantemento da partida para o gasto en servizos sociais, tendo en conta que o total do orzamento diminúe. Sobre o gasto dos conserxes, apunta que a diminución deriva de que no exercizo anterior había pagamentos pendentes de anualidades anteriores e que, este ano se orzamenta menos porque se está máis ao día nos pagamentos. Da conta das actuacións realizadas no pavillón municipal e defende que se manteña a partida para a realización doutras actuacións, informando que, con cargo ao POS+ da Deputación se vai executar a renovación de toda a iluminación..., indica que os incrementos dos gastos no alumeadado son o reflexo do gasto do exercizo anterior. No que respecta aos gastos de mantemento, implicaron a mellora de cousas estropeadas e/ou rotas. Sobre a diminución no abastecemento, redúcese pola amortización das obras, tendo en conta que o contrato era por 20 anos e este ano non hai amortización e indica, todos os datos derivan das liquidacións de Viaqua. Sobre a amortización das prazas do persoal, defende a modificación da RPT aprobada en tanto que di, non se amortizan prazas para privatizar se non que deriva da necesidade para poder crear outras novas que reforcen os servizos, quitándose unhas e creándose outras e téndose, ademais, que incrementar a masa salarial. Fai referencia ao que cualifica como "espírito externalizador" iniciado co BNG para coa conserxería do centro de maiores, cando o BNG formaba parte do goberno local, e di que o posto non estivo nunca ocupado por persoal municipal se non que sempre estivo xestionado por unha empresa. No que respecta ao tema dos barrendeiros di que xa se ten explicado e que se trata de cubrir un posto de xornada de tarde, que non recolle o convenio e que, de xeito voluntario, non se ocupa, e fai referencia ao que se traslada á veciñanza dende a oposición. Sobre os orzamentos participativos, di que non inventaron eles o modelo e que foi o formato xa explicado na campaña electoral e di, ao BNG, que se queren gobernar, que puideron ter atendida a proposta do goberno. Defende a xestión do goberno local en tanto que estuda as propostas e as incorpora ao documento e di que, as do PP, non teñen que ver co orzamento (rebaixa de impostos e taxas...) e que considera nin razonadas nin razoables, e consierando que o Sr. Pérez non ten lexitimación, logo de ser concelleiro de facenda 4 anos e non ter sido capaz de facer un orzamento. Defende o orzamento presentado polo seu goberno e fai unha comparativa con etapas anteriores, en tanto que se traballaba cunha estimación de oito millóns de euros cando o real eran cinco e que por iso pasaba o que pasaba. Di que co actual goberno se triplicou o investimento sen subir impostos. Sobre a situación do persoal municipal, di que se trata dunha situación que se ven alongando no tempo durante anos (vinte) e que a solución a esta problemática pasa pola convocatoria da oferta de emprego público, preguntando á portavoz do BNG cal sería a opción da que sería máis partidaria, oferta de emprego público? Consolidación?, e di que se trata dunha situación que ningún goberno quixo afrontar e que se afrontará de xeito consensuado cos sindicatos sen prexudicar ás persoas. Di que non é certo que só se gaste en festas e que xa se explicou na comisión en tanto que se incrementan a algúns clubs e que crean novas entidades. Indica que no ano 2016 se aumentaron todas para financiar un equipo a cada clube e que agora,



manteñense. Pregunta ao portavoz do PP se lle parece ben ou mal o incremento do gasto de persoal nun 8% e recorda que unha previsión non significa que se vaia gastar. Di que este ano se vai gastar máis en persoal co reforzo das áreas e a contratación do Tesoureiro, o que favorecerá á cidadanía. Defende o investimento con recursos propios, ao que se lle ten que sumar a aportación doutras administracións, que compara con anos anteriores. Indica que a partida do alcantarillado diminúe pola amortización das obras e que, entre a compra de vehículos e a renovación da rede de saneamento e abastecemento, prefire o segundo, no que se leva investido máis de oito centos mil euros nesta etapa, facendo referencia aos cortes de auga como consecuencia de roturas na rede, que diminuíron considerablemente, e á priorización das actuacións tendo en conta que os recursos son limitados. Di que o arranxo da rede de alumado público que dende a oposición se pide nos plenos, hai que pagalo, en relación ao incremento do gasto que se reflexa no orzamento e que se está a traballar nos pregos para a licitación do servizo de subministración de enerxía eléctrica. Indica que non ten que ver a subvención que se lle dá á asociación de comerciantes, para actividades, coa promoción do emprego á que facía referencia o Sr. Pérez, ao tempo que defende o investimento en limpeza e ornato á hora de promocionar turísticamente a Pontedeume xa que todo isto axuda a facer a vila máis atractiva. Fai referencia ao peche do mercado e ao traslado dos postos que cualifica como "ilegal" na etapa do anterior goberno e da conta da problemática xurdida para coa nova infraestrutura: problemática da cuberta, necesidade de modificar o proxecto...que retrasou a obra. Sobre o novo albergue, informa de que Patrimonio remitiu o informe hai cousa dun mes que permite facer o proxecto con condicionantes, que se está a redactar e que vai na liña da proposta. No que respecta ao transporte de persoas, di que se paga menos do que se estaba pagando e que agora van ao día. Sobre a obra da gardería di que se tratará dunha cuestión temporal que non vai estar reñida coa inseguridade, en tanto que a execución da obra será garantista en todos os aspectos.

Toma a palabra D. Andrés Pérez Pérez que di que, no tema das subvencións, o que ve e que seguen igual e que algunha delas baixan. No que respecta ao Mercado, di que o pechou sanidade e que a cuberta do estivo informada por un técnico, ao igual que o proxecto da obra do Mercado, que non o fixo o PP. Defende a proposta do seu grupo de rebaixar os impostos e que sí inflúe a rebaixa das taxas nor orzamentos.

De seguido toma a palabra Dna. Ana Veira García quen defende a súa intervención en tanto que se pregunta por certos datos e considera que non se aceptan, por parte do goberno, as críticas, derivadas de situacións coas que, nalgúns casos se poda ou non estar dacordo, pedindo outro tono ao Sr. Alcalde para coas respostas. Di que o voto en contra do seu grupo á RPT foi porque, non estando de acordo con cousas, non se pode votar o documento por partes, aínda que se poda estar dacordo con outras. Considera que a modificación da RPT se puido ter presentado con mais tempo. Remítese ao que establece a lei ao respecto das subvencións, en tanto que se recollen as dúas modalidades de convocatoria de subvencións e que polo tanto, dende o seu grupo, non piden que desaparezan as nominativas, se non que se convoquen por concorrencia. Sobre a amortización de postos de traballo para a creación de outros, considera que non é esa a única forma para a súa creación se non que esa é a forma que escolleu o goberno e que hai outras formas de facer política. Di que externalizar non significa privatizar. Sobre a participación para coa elaboración dos orzamentos, considera que se usa o termo sesgado, en tanto que non se deu participación aos grupos da oposición e que o goberno pide participación e/ou solucións cando lle interesa. No que respecta ao traballo do goberno local, considera que se fixeron cousas ben, tendo en conta que as cousas estaban moi deterioradas e que se non fora así, serían igual que o grupo que gobernou anteriormente, se ben di, que se debe admitir que hai inacción en moitas actividades e que é labor do goberno, co equipo de persoal funcionario e técnico, levar a cabo a acción deste. Conclúe a súa intervención dicindo que hai distintas formas de entender a política e pedindo ao Sr. Alcalde que admita certas críticas en tanto que se fan, polo menos dende o seu grupo, de xeito positivo.

Toma a palabra D. Bernardo Fernández Piñeiro para defender o traballo do seu goberno fronte ao goberno do PP, dando conta das subvencións outorgadas a entidades que non recibían axuda no anterior mandato, así como as que se conceden a entidades de nova creación, e que

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

polo tanto, non considera aceptable a crítica dese grupo ao respecto das subvencións. Considera que non se trata de non admitir críticas, se non de aceptar responsabilidades que non lle corresponden ao seu goberno e que por tanto, xustifica os motivos. Di que presentou unha modificación da RPT no ano 2016, sendo intención do goberno que saíra a diante, se ben a súa modificación non depende só da vontade do goberno e fai referencia ás limitacións do ministerio para a creación das prazas e tamén aos recursos municipais para a súa creación sen amortización. Considera que cumpriu con moitas das peticións que facía dende a oposición e que outras cousas non se tivo capacidade e sobre as que se actuará se seguen a ter a confianza da cidadanía.

Intervén Dña. Ana Veira García para dicir que a proposta de RPT, votada en asemblea e que foi retirada polo goberno no seu día, tiña un incremento económico importante e que, por tanto, non se entende que agora se limite.

Pecha o debate o Sr. Alcalde-Presidente, indicando que na modificación da RPT á que se refire a portavoz do BNG, amortizábanse as prazas das conserxerías dos centros de ensino.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 6 votos a favor** dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dña. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dña. Yolanda Vázquez Busto, Dña. Silvia Fornos Permuy e Dña. Marta Pico Machado; e **5 votos en contra** cos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP(3): Dña. María Carmen Piñeiro Varela, Dña. Ascensión de Vicente Olarte e Andrés Pérez Pérez; e do BNG(2): Dña. Ana María Veira García e D. Jorge Serafín Allegue Freire o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Aprobar o límite de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e coa regra de gasto, que marcará o teito de asignación de recursos dos orzamentos, por importe de 5.072.139,76 euros

SEGUNDO.- Aprobar o Orzamento Xeral da Corporación, que ascende a un importe de 7.443.179,97 euros no estado de gastos e de ingresos, con todos os documentos sinalados nos artigos 165 e 168.1 do TRLFL sinalados anteriormente, segundo o seguinte detalle:

ORZAMENTO DE INGRESOS. RESUMO POR CAPÍTULOS

Capítulo	Denominación	Importe	Porcentaxe
1	Impostos directos	2.049.502,69	27,54%
2	Impostos indirectos	55.000,00	0,74%
3	Taxas e outros ingresos	2.103.961,92	28,27%
4	Transferencias correntes	2.820.476,72	37,89%
5	Ingresos patrimoniais	0	0,00%
6	Alleamento de investimentos reais	0	0,00%
7	Transferencias de capital	318.144,82	4,27%
8	Activos financeiros	10.000	0,13%
9	Pasivos financeiros	86.093,82	1,16%
	Total	7.443.179,97	100,00%

ORZAMENTO DE GASTOS. RESUMO POR CAPÍTULOS

Capítulo	Denominación	Importe	Porcentaxe
1	Gastos de persoal	2.969.518,25	39,90%



2	Gastos en bens correntes e servizos	3.066.992,27	41,21%
3	Gastos financeiros	250	0,00%
4	Transferencias correntes	389.066,54	5,23%
6	Investimentos reais	758.792,91	10,19%
7	Transferencias de capital	248.560,00	3,34%
8	Activos financeiros		0,00%
9	Pasivos financeiros	10.000	0,13%
	Total	7.443.179,97	100,00%

TERCEIRO.- Aprobar o cadro de persoal do persoal funcionario e laboral seguinte:

PLANTILLA DE PERSOAL CONCELLO DE PONTEDEUME.

PERSONAL FUNCIONARIO							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Número de prazas	Escala	Subescala	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)
01.00.00.01.0 1	SECRETARIA XERAL	A1-30	1	H. Nacional	Secretaría. Categoría de Entrada	Propiedade	Ocupada na actualidade por funcionaria en Comisión Servizos,
01.00.00.02.0 2	TECNICO DE ADMINISTRACIÓN LOCAL. XEFE DE SECRETARIA	A1-24	1	Ad. Xeral	Técnico Superior	Vacante	
01.00.00.02.0 8	TÉCNICO DE XESTIÓN	A2-24	1	Ad. Xeral	Técnico medio	Vacante	
01.00.00.03.0 3 01.00.00.03.0 4 010.00.00.03. 09	ADMINISTRATIVOS	C1-18	3	Ad. General	Administrativa	2 Propiedade 1 Vacante	Adscricións provisionais de funcionarios novo ingreso grupo C1, Resolución Alcaldía nº 92 e 93/2015
01.00.00.03.0 5 01.00.00.03.1 0 01.00.00.03.1 1	AUX. ADMINISTRATIVO	C2-16	3	Ad. General	Auxiliar	Vacantes	Unha praza ocupada por adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007 Último contrato laboral asinado 02.02.2001 modalidade "Duración determinada circunstancias produción", categoría auxiliar administrativo.
01.00.00.03.0 6	ALCUACILPORTEIRO	E-14	1	Ag. Profesi	Subalterno	Vacante	

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	INTERVENTOR	A1-30	1	onal H. Nacional	Intervención/ Tesourería Categoría de Entrada	Propiedade	
02.00.00.01.0 1							
02.00.00.02.0 2	XEFE INTERVENCIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscrición provisional, funcionario de novo ingreso, grupo C1, Resolución Alcaldía 171/2011
02.00.00.03.0 5	ADMINISTRATIVO-INFORMÁTICO	B/C-20	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 10.03.1997, modalidade "obra servizo determinado" categoría Técnico Informático.
02.00.00.03.0 6 02.00.00.03.0 9	ADMINISTRATIVO	C1-18	2	Ad. Xeral	Administrativa	1 propiedade e 1 Vacante	O titular do posto ten adscrición provisional, funcionario novo ingreso, Resolución Alcaldía 181/2007. na actualidade adscrito provisionalmente ao posto de Xefe de Intervención.
02.00.00.03.1 1	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	
02.00.00.01.0 8	TESORERO	A1-28	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	
02.00.00.02.0 3	XEFE DE XESTIÓN DE PERSOAL E RECADACIÓN	B/C1-22	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007
02.00.00.03.1 0	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	
02.00.00.03.0 7	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por



							circunstancias da producción, categoría auxiliar administrativo.
03.00.00.01.0 1 03.00.00.01.0 2	ARQUITECT O	A1-28	2	Ad. Especi al	Técnico Superior	Vacante 1	Funcionario novo ingreso.
03.00.00.02.0 2	ARQUITECT O TÉCNICO	A2-24	1	Ad. Especi al	Técnico Medio	Vacante.	Funcionario interino.
03.00.00.03.0 3	ADMINISTRA TIVO	C1-18	1	Ad. Genera l	Administra tiva	Vacante	Funcionaria interina.
03.00.00.03.0 4 03.00.00.03.0 6	AUX ADMTVO	C2-16	2	Ad. Genera l	Administra tiva	Vacantes	
03.00.00.03.0 5	AUX POL URBAN	C2-16	1	Ad. Genera l	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 13.01.1997, modalidade "Obra servizo determinado" categoría auxiliar policía municipal.
04.00.00.01.0 2	CABO	C1-18	1	Ad. Especi al	Servizos Especiais	Propiedad e	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007
04.00.00.02.0 3-10	POLICIA	C1-16	8	Ad. Especi al	Servizos Especiais	3 Propiedad e 5 Vacantes	2 Adscrición provisional, funcionario, grupo C1, Resolución Alcaldía 181/2007. 1 permuta.
04.00.00.03.1 1	AUXILIAR POLICIA	C2-16	1	Ad. Xeral	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.03.00.02.1 6	SEPULTUREI RO	E-12	1	Ag. Profesi onal	Persoal oficios	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 08.05.2003 modalidade

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

							"Interinidade", categoría sepultureiro.
06.00.00.01.0 1	TECNICO MEDIO EN SERVICIOS SOCIAIS	A2-26	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	Funcionaria interina.
06.00.00.03.0 2	AUX ADMTVO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade "obra ou servizo determinado" categoría auxiliar administrativo.
07.00.00.03.0 2	ADMINISTRATIVO	C1-18	1	Ad. Xeral	Administrativa	Vacante	La funcionaria adscrita provisionalmente, na actualidade en excedencia por interese particular.
08.00.00.01.0 1	TECNICO DE XESTIÓN DEPORTIVA	A2-20	1	Ad. Especial	Técnico Medio	Vacante	
08.00.00.03.0 2	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo indefinido", categoría auxiliar administrativo, Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996
09.00.00.01.0 1	BIBLIOTECA RIO-ARQUIVEIRO	A1-26	1	Ad. Especial	Técnico Superior	Propiedade	Adscrición provisional, funcionario integrado, grupo A1, Resolución Alcaldía 181/2007
09.00.00.03.0 3	AUXILIAR ADMINISTRATIVO	C2-16	1	Ad. General	Auxiliar	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral fixo Resolución Alcaldía 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.97, modalidade "ordinario por tempo



							indefinido", categoría auxiliar administrativo, a ½ xornada. Bases proceso selección BOP. Nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito ampliación xornada de ½ a completa de data 6 de maio de 2003.
09.00.00.02.03	TÉCNICO TURISMO	A2-20	1	Ad. Xeral	Técnico medio	Vacante	
PERSONAL LABORAL							
CÓDIGO	POSTO	GR./CD	Nº de prazas	Situación	OBSERVACIÓNS (Situación dos postos na data actual)		
01.00.00.02.07	NORMALIZAD OR LINGÜÍSTICO	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal, Resolución Alcaldía 181/2007 Último contrato asinado o 10.04.1997, modalidade obra ou servizo determinado, categoría técnico normalización.		
05.00.00.01.01	ENCARGADO DE OBRAS E SERVICIOS	III-22	1	Vacante			
05.01.00.02.02-03	OFICIAL 1ª	IV-14	2	Vacante			
05.01.00.02.04-05	OFICIAL 2ª	V-12	2	Vacante			
05.01.00.03.07	CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Contrato asinado o día 09.06.2016, modalidade interinidade.		
05.01.00.03.08-10	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)	Adscrición provisional de persoal laboral fixo, Resolución Alcaldía 181/2007. Últimos contratos asinados por ambos o 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría peón, Bases selección BOP nº 165 de 18.07.1996		
05.02.00.02.12-13	XARDINEIRO	IV-14	2	Vacante (1)	Os dous postos con adscrición provisional, Resolución 181/2007. Posto nº 1- Último contrato asinado o día 03.02.1997, modalidade indefinido, categoría xardineiro, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 2.-Último contrato asinado o día 05.08.2002, modalidade interinidade, categoría xardineiro,		
05.02.00.03.14-15	PEÓN	V-12	1	Vacante			
05.04.00.02.17	ENCARGADO DE MERCADO	V-12	1		Adscrición provisional de persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Contratación indefinida Oferta de emprego 1990. BOP. n.º 4, 04.01.1991		
05.05.01.02.18	ENCARGADO DO PUNTO	IV-16	1	Vacante	Adscrición provisional. Persoal laboral temporal Resolución Alcaldía 181/2007.		

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	LIMPO				Último contrato asinado o 14.02.1997, modalidade "obra o servizo determinado" categoría auxiliar policía local.
05.05.01.02.19-20	CONDUCTOR	IV-14	2	Vacante (1)	Posto nº 1.-Contratación indefinida Oferta de emprego 1990. BOP. n.º 4, 04.01.1991 Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral temporal Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 29.10.2001, modalidade interinidade, categoría condutor.
05.05.01.03.21-23	PEÓN	V-12	3	Vacante (1)	Adscricións provisionais persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996.
05.05.02.03.24-30	BARRENDEIRO	V-12	6	Vacante (4)	Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría peón, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 17.03.2003, modalidade interinidade, categoría peón. Posto nº 4.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 10.02.1997, modalidade obro ou servizo, categoría peón.
05.05.03.03.31-38	LIMPADOR	V-12	8	Vacante (6)	Posto nº 1.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.02.1997, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 165 de fecha 18.07.1996. Escrito de data 20.01.2000 de cambio a xornada completa. Posto nº 2.- Adscrición provisional persoal laboral fixo, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.08.2000, modalidade "indefinido, categoría limpadora ½ xornada, Bases BOP nº 261



					<p>de fecha 13.11.1999.</p> <p>Posto nº 3.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.02.1992, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría conserxe-celador, comunicación de realización xornada completa con escrito de dta 20.01.2000.</p> <p>Posto nº 4.- Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 01.10.1985, modalidade contrato de traballo a tempo parcial (½ xornada), categoría limpadora, interinidade, comunicación de realización xornada completa, por escrito de data 02.10.1997.</p>
06.01.00.02.03	PSICOLOGO	I-22	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría psicologa.
06.01.00.03.04	ASISTENTE SOCIAL	II-20	1	Vacante	Persoal laboral temporal, Contratación interinidade o 14.04.2010,
06.02.00.02.05	ANIMADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 16.12.1996, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría animadora.
06.03.00.02.07	EDUCADOR SOCIAL	II-20	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 23.12.1996, modalidade contrato obra ou servizo determinado, categoría educadora.
06.03.00.03.08-15	AUXILIAR DE FOGAR	V-12	8	Vacante	<p>Posto nº 1.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 2.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 06.07.1999, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 3.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar.</p> <p>Posto nº 4.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007,</p>

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

					Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade contrato obras ou servizo determinado, categoría auxiliar fogar. Posto nº 5.-Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 03.01.2005, modalidade contrato interinidade, categoría auxiliar fogar.
07.00.00.03.03	CONSERXE- CONDUCTOR	IV-14	1	Vacante	Adscrición provisional persoal laboral temporal, Resolución 181/2007. Último contrato asinado o 02.01.2001, modalidade eventual por circunstancias da produción, categoría conserxe-conductor.
07.00.00.03.05	INFORMATICO	III-18	1	Vacante	

PERSOAL FUNCIONARIO POR PROGRAMAS

POSTO	GR- CD.	N.º DE PRAZAS	Remate Nomeamento
ADMINISTRATIVO	C1-18	1	08/10/2019
TECNICO INFORMATICO	C1-18	1	31/07/2019

PERSOAL LABORAL CON CONTRATOS DE DURACIÓN DETERMINADA.

POSTO	N.º de prazas	Remate Contrato
ANIMADOR CULTURAL	1	Fin de servizo.
ANIMADOR DEPORTIVO	1	Fin de servizo.
AXENTE EMPREGO E DESENVOLVE- MENTO LOCAL	1	Fin de servizo.
Oficial de primeira	2	25/03/2019- 26/03/2019
Persoal técnico Centro Interpretación	1	30/04/2019
Limpadora	1	Fin interinidade.
Conductor	1	Fin interinidade.



Observacións:

Na relación da plantilla de persoal están incluídas as modificacións da relación de postos de traballo aprobadas en Sesión Plenaria de data 31.01.2019.

CUARTO.- Expoñer ao público o orzamento xeral para o 2019, polo prazo de 15 días hábiles, mediante anuncio no BOP e no taboleiro de anuncios do Concello, para os efectos de presentación de reclamacións polos interesados.

QUINTO.- Considerar elevados a definitivos estes acordos no caso de que non se presenten reclamacións, debendo publicar o orzamento resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal.

SEXTO.- Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva; e en aplicación do artigo 8.d) da Lei de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, publicarase na sede electrónica.

[Abandonan a sesión D. Jorge Serafín Allegue Freire e Dna. Silvia Fornos Permy, sendo as 14h24min]

3.- APROBACIÓN EXPEDIENTE DE RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (F/2019/6).

A Secretaria da lectura ao Ditame da Comisión Informativa, que se transcribe a continuación:

"DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA.

SESIÓN: ORDINARIA DE DATA LUNS 25 DE MARZO DE 2019

EXPDTE: 2019/G012/000005

SESIÓN Nº: 39/2015-2019

3.- RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (F/2019/6).

A Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

"PROPOSTA DE ACORDO

RECOÑECIMIENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO (F/2019/6)

(Expediente TEdC 2019/X999/000114- 2019/G006/000044)

Logo de ver a Providencia da Alcaldía asinada dixitalmente o 20/03/2019 respecto das facturas incluídas na relación F/2019/6 incoando expediente para a súa aprobación a tramitar polo procedemento de recoñecemento extraxudicial de créditos por tratarse de gastos realizados no exercicio 2018 para os que no dito exercicio non había crédito orzamentario adecuado e suficiente no momento da súa presentación, se ben a factura achegouse xa no exercicio 2019

Sobre isto cómpre sinalar que moitas das facturas se refiren a servizos prestados no mes de decembro, sendo que en moitos dos servizos facturados realmente se aproban anualmente doce facturas, con periodicidade variable, se ben van de decembro do exercicio anterior a novembro, tendo en conta ademáis que de acordo co artigo 189 do TRLFL, respecto dos requisitos previos á expedición de órdenes de pago, que: "1. Previamente a la expedición de las órdenes de pago con cargo a los presupuestos de la entidad local y de sus organismos autónomos habrá de acreditarse documentalmente ante el órgano que haya de reconocer las

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

obligaciones la realización de la prestación o el derecho del acreedor de conformidad con los acuerdos que en su día autorizaron y comprometieron el gasto”.

Logo de ver o informe de reparo da Intervención municipal de referencia 64/2019, de asunto: “Fiscalización de facturas Recoñecemento extraxudicial de créditos” asinado dixitalmente o 20 de marzo de 2019, que se xunta ao expediente

Logo de ver que no dito informe se reitera o incumprimento dos límites do contrato menor, sendo que na medida do posible se están incoando os procedementos necesarios para dar cumprimento á normativa de aplicación, estando moitos deles en tramitación, se ben debe terse en conta a sobrecarga dos servizos, os cambios legislativos que requiren formación e adaptación na forma de traballar aos novos requerimentos e obrigas legais e regulamentarias, a necesaria implantación e adecuación á administración electrónica, e fundamentalmente á falta de persoal para atender todas as tarefas encomendadas.

Sendo vontade deste goberno continuar dando pasos hacia o cumprimento de todas as carencias sinaladas, téndose aprobado recentemente unha modificación puntual da Relación de postos de traballo para dotar de persoal determinados servizos do concello de cara a dar cumprimento ás obrigas legais de tramitación electrónica e todas as novas funcións e mellora de procedementos a que veñen obrigando as numerosas leis que se veñen aprobando nos últimos tempos,

Tendo en conta ademáis que os servizos facturados se teñen prestado e que os prezos se axustan a mercado e a contratacións similares, procede aboar o importe das facturas para evitar reclamacións xudiciais, sendo que o orzamento total do concello en 2018 ascendía a 9.796.372,09 euros e as obrigas recoñecidas a 7.356.769,03 euros, polo que, de ter chegado anteriormente ao rexistro de facturas de intervención poderían terse tramitado logo de terse realizado a correspondente modificación orzamentaria, o que non se pudo realizar por non achegarse as facturas con suficiente antelación para iso,

Por todo o anterior, esta Alcaldía somete para o seu Ditame pola Comisión Informativa a seguinte **PROPOSTA DE ACORDO**:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe total de 15.565,01euros, incluídas na relación F/2019/6, segundo o seguinte:

Nº Entrada	Data	Nº Doc.	Data Doc.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2019/217	14/01/2019	face 2018- 11	14/01/2019	598,95	B70377668	ESPACIO VIVO	MONITORADO DINAMIZACION SABADOS ACTIVOS EN ESPAZO XOVE. PR. PREV. DROGODEPENDENCIA. D.ADX.	2311	22799
F/2019/494	15/02/2019	A-1809 1	17/09/2018	4111,58	76405677E	LOPEZ LAMAS MARGARITA	MAQUETACION E MONTAXE DA REVISTA CATEDRA Nº 25 NO ANO 2018	3321	22799
F/2019/1294	26/02/2019	18F00009	09/11/2018	20	79331491Y	LAURA RODRÍGUEZ BLANCO	SERVIZO DE RECARGA MOBIL 638099112. ALBERGUE O 20/03/2018	4322	22200
F/2019/1300	01/03/2019	AA19 000047	28/02/2019	4876,3	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PUBLICO DO 1 AO 15 DE DECEMBRO 2018.	165	22710
F/2019/1302	01/03/2019	AA19 000048	28/02/2019	4640,35	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PUBLICO DO 16 AO 31 DE DECEMBRO 2018	165	22710
F/2019/1305	01/03/2019	02332018AÑO 0016041	19/12/2018	16,27	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA ESCOLA OMBRE. 14-09-2018 a 14-12-2018	161	22501



F/2019/1306	01/03/2019	02332018ANO0013914	13/12/2018	495,3	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. COLEXIO COUCEIRO F. 04-09-2018 a 04-12-2018	161	22501
F/2019/1307	01/03/2019	02332018ANO0013923	13/12/2018	6,12	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. DUCHA PRAIA DE VER. 07-09-2018 a 07-12-2018	161	22501
F/2019/1308	01/03/2019	02332018ANO0016042	19/12/2018	116,88	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. COLEXIO ANDRADE. 13-09-2018 a 13-12-2018	161	22501
F/2019/1309	01/03/2019	02332018ANO0016039	19/12/2018	47,77	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. FOREMDES. 12-09-2018 a 12-12-2018	161	22501
F/2019/1310	01/03/2019	02332018ANO0018326	19/12/2018	7,28	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. ESCOLA DE CAMPOLONGO. 13-09-2018 a 13-12-2018	161	22501
F/2019/1311	01/03/2019	02332018ANO0013919	13/12/2018	9,31	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. BIBLIOTECA. 03-09-2018 a 03-12-2018	161	22501
F/2019/1312	01/03/2019	02332018ANO0016031	19/12/2018	18,01	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA POLIG. VIDREIRO. 13-09-2018 a 13-12-2018	161	22501
F/2019/1313	01/03/2019	02332018ANO0016038	19/12/2018	6,7	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. AV. RICARDO SANCHEZ 39 ST. B. 12-09-2018 a 12-12-2018	161	22501
F/2019/1324	03/03/2019	FE19137000976816	13/01/2019	147,8	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E. AL. PUBL. BARRAL ARRIBA CUPS: ES0397000005802349JX1P. 01-12-2018 a 31-12-2018	165	22100
F/2019/1325	03/03/2019	FE19137000974958	13/01/2019	414,17	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E. AL. PUBL. VIZUS. CUPS: ES0397000005802278XP1P. 01-12-2018 a 31-12-2018	165	22100
F/2019/1326	03/03/2019	FE19137002317505	27/01/2019	32,22	A65067332	COMERCIALIZADORA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E. ACCION SOCIAL. AV. RICARDO SANCHEZ ST. CUPS: ES0397000005804570HT1P. 19-12-2018 a 22-01-2019	2311	22100

Das anteriores facturas está incluída en proxecto de gasto 2017/3/JJ/1 a factura F/2019/217 **TERCEIRO**.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

No entanto, o Pleno adoptará o acordo que estime oportuno.

Documento asinado dixitalmente por D. Bernardo Fernández Piñeiro, Alcalde-Presidente, en Pontedeume a 20 de marzo de 2019."

De seguido, a Presidencia abre a quenda para o debate...//...

Concluídas as intervencións, sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita por **4 votos a favor** dos representantes do Grupo Municipal do PsdG-PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, D. José Simoes Couceiro, Dna. Silvia Fornos Permuy e Dna. Marta Pico Machado; e **3 abstencións** dos concelleiros do PP(2): D. Andrés Pérez Pérez e D. Francisco Javier Crespo Romeo e do BNG (1): Dna. Ana Veira García."

A Presidencia abre a quenda para o debate, dando conta dos documentos que compoñen o expediente: facturas por servizos prestados 2018 que chegaron no 2019 e indicando que, como xa se dixo nos últimos plenos, o expediente de recoñecemento extraxudicial é o único mecanismo co que se poda tramitar o pagamento.

D. Andrés Pérez Pérez anuncia que, como en anteriores ocasión e tendo en conta o contido do informe da intervención, o voto do Grupo Municipal do PP será en contra.

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Ascensión de Vicente Olarte pregunta polo servizo de lacería, ao que D. José Simoes Couceiro, concelleiro de réxime interno indica que inclúe lacería e recollida de cadáveres.

Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, intervéñ para dicir que, tendo en conta o contido dos informes, o voto do seu grupo será en contra.

Pecha o debate o Sr. Alcalde-Presidente. D. Bernardo Fernández Piñeiro pide que conste en acta a súa intervención, en tanto que quere deixar constancia que a falla da tramitación da contratación dos distintos servizos ven de gobernos anteriores e que o actual goberno municipal está a traballar para intentar solventar a situación.

Concluídas as intervencións, sométense a votación a proposta, quedando **ADOPTADO** por **MAIORÍA de 5 votos a favor** dos/as concelleiros/as do Grupo Municipal do PSOE: D. Bernardo Fernández Piñeiro, Dna. Raquel Caruncho Corral, D. José Simoes Couceiro, Dna. Yolanda Vázquez Busto, e Dna. Marta Pico Machado; e **4 votos en contra** cos concelleiros e concelleiras do Grupo Municipal do PP(3): Dna. María Carmen Piñeiro Varela, Dna. Ascensión de Vicente Olarte e Andrés Pérez Pérez; e do BNG(1): Dna. Ana María Veira García, o **ACORDO** seguinte:

PRIMEIRO.- Solventar a discrepancia plantexada en atención a que os servizos foron efectivamente prestados e/ou os bens recibidos e aos motivos expostos

SEGUNDO.- Aprobar e recoñecer os seguintes gastos por importe total de 15.565,01euros, incluídas na relación F/2019/6, segundo o seguinte:

Nº Entrada	Data	Nº Doc.	Data Doc.	Importe Total	Terceiro	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
F/2019/217	14/01/2019	face 2018- 11	14/01/2019	598,95	B70377668	ESPACIO VIVO	MONITORADO DINAMIZACION SABADOS ACTIVOS EN ESPAZO XOVE. PR. PREV. DROGODEPENDENCIA. D.ADX.	2311	22799
F/2019/494	15/02/2019	A-1809 1	17/09/2018	4111,58	76405677E	LOPEZ LAMAS MARGARITA	MAQUETACION E MONTAXE DA REVISTA CATEDRA Nº 25 NO ANO 2018	3321	22799
F/2019/1294	26/02/2019	18F00009	09/11/2018	20	79331491Y	LAURA RODRÍGUEZ BLANCO	SERVIZO DE RECARGA MOBIL 638099112. ALBERGUE O 20/03/2018	4322	22200
F/2019/1300	01/03/2019	AA19 000047	28/02/2019	4876,3	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PUBLICO DO 1 AO 15 DE DECEMBRO 2018.	165	22710
F/2019/1302	01/03/2019	AA19 000048	28/02/2019	4640,35	B15677024	ELECTRICIDAD PERMUY, S.L.	MANTEMENTO ALUMEADO PUBLICO DO 16 AO 31 DE DECEMBRO 2018	165	22710
F/2019/1305	01/03/2019	02332018ANO 0016041	19/12/2018	16,27	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA ESCOLA OMBRE. 14-09-2018 a 14-12-2018	161	22501
F/2019/1306	01/03/2019	02332018ANO 0013914	13/12/2018	495,3	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. COLEXIO COUCEIRO F. 04-09-2018 a 04-12-2018	161	22501
F/2019/1307	01/03/2019	02332018ANO 0013923	13/12/2018	6,12	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. DUCHA PRAIA DE VER. 07-09-2018 a 07-12-2018	161	22501
F/2019/1308	01/03/2019	02332018ANO 0016042	19/12/2018	116,88	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. COLEXIO ANDRADE. 13-09-2018 a 13-12-2018	161	22501
F/2019/1309	01/03/2019	02332018ANO 0016039	19/12/2018	47,77	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. FOREMDES. 12-09-2018 a 12-12-2018	161	22501



F/2019/1310	01/03/2019	02332018ANO 0018326	19/12/2018	7,28	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. ESCOLA DE CAMPOLONGO. 13-09-2018 a 13-12-2018	161	22501
F/2019/1311	01/03/2019	02332018ANO 0013919	13/12/2018	9,31	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. BIBLIOTECA. 03-09-2018 a 03-12-2018	161	22501
F/2019/1312	01/03/2019	02332018ANO 0016031	19/12/2018	18,01	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA POLIG. VIDREIRO. 13-09-2018 a 13-12-2018	161	22501
F/2019/1313	01/03/2019	02332018ANO 0016038	19/12/2018	6,7	A66141185	VIAQUA GESTION INTEGRAL DE AUGAS DE GALICIA, S.A.U.	CANON AUGAS DE GALICIA. AV. RICARDO SANCHEZ 39 ST. B. 12-09-2018 a 12-12-2018	161	22501
F/2019/1324	03/03/2019	FE191370009 76816	13/01/2019	147,8	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E. AL. PUBL. BARRAL ARRIBA CUPS: ES0397000005802349JX1P. 01-12-2018 a 31-12-2018	165	22100
F/2019/1325	03/03/2019	FE191370009 74958	13/01/2019	414,17	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E. AL. PUBL. VIZUS. CUPS: ES0397000005802278XP1P. 01-12-2018 a 31-12-2018	165	22100
F/2019/1326	03/03/2019	FE191370023 17505	27/01/2019	32,22	A65067332	COMERCIALIZADO RA REGULADA GAS & POWER, S.A.	E/E. ACCION SOCIAL. AV. RICARDO SANCHEZ ST. CUPS: ES0397000005804570HT1P. 19-12-2018 a 22-01-2019	2311	22100

Das anteriores facturas está incluída en proxecto de gasto 2017/3/JJ/1 a factura F/2019/217

TERCEIRO.- Dar traslado a Intervención para que efectúe as anotacións contables que procedan.

4.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: MOCIÓNS URGENTES.

Non houbo

5.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS DO PLAN POS+ 2019.

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DOS PROXECTOS DE OBRAS DO PLAN POS+ 2019
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/03/2019

(Expediente TEdC: 2019/G006/000041)

Vista a cláusula 5 das bases do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Único Concellos) POS+ 2019 que indica: “[...] A aprobación das correccións ou modificacións do acordo de solicitude deberá realizarse polo Pleno do concello mentres que as dos proxectos das obras ou pregos das subministracións realizarase polo Pleno ou por outro órgano competente do concello, tendo en conta o seu carácter substancial ou non.[...]”

Constan requirimentos da Deputación Provincial da Coruña, por escrito e telefónicos, durante os meses de febreiro e marzo de 2019 sendo necesario modificar os proxectos de obras incluídos na solicitude do POS+ 2019 que a continuación se enumeran e nos que literalmente se indicaba : “[...] O CONCELLO DEBERÁ APROBAR O PROXECTO CORRIXIDO POLO ÓRGANO COMPETENTE E VOLVELO A SUBIR INTEGRAMENTE Á PLATAFORMA. Cando a aprobación se faga por decreto da Alcaldía por tratarse de correccións en cuestións técnicas que non afectan á natureza e finalidade dos investimentos a

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

realizar nin a súa valoración económica, este decreto deberá posteriormente subirse á plataforma SUBTEL e elevarse ao pleno do concello nos respectivos expedientes municipais sen necesidade de remitir a ratificación plenaria a esta deputación[...]"

- Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira"
- Mellora da capa de rodadura en vía municipal en Estrada Vella
- Conservación do Castelo de Andrade
- Reforma da Escola Unitaria de Campolongo
- Pavimentación Rúa Gonzalo Torrente Ballester

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e nas bases do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan Único Concellos) POS+ 2019, dáse conta expresa das resolucións da Alcaldía polas que se aproban os seguintes proxectos de obras incluídos na solicitude do POS+ 2019 para os efectos da súa ratificación polo pleno:

- **Mellora da eficiencia enerxética no Pavillón "A Casqueira":**
 - Decreto de Alcaldía nº 100/2019 do 22.02.2019 polo que se aproba o proxecto modificado redactado pola enxeñeira industrial Carmen Yolanda Estalote Bouzas asinado o 19.02.2019.
 - Consta proxecto modificado (rev 3) con data de rexistro de entrada no Concello 828 do 04.03.2019 e con informe de supervisión favorable dos servizos de Asistencia a Municipios da Deputación Provincial da Coruña aprobado polo Pleno do Concello en sesión extraordinaria e urxente do 12.03.2019.
- **Mellora da capa de rodadura en vía municipal en Estrada Vella:**
 - Decreto de Alcaldía nº 107/2019 do 25.02.2019 polo que se aproba o proxecto modificado redactado polo arquitecto Oscar Sánchez Martínez asinado o 22.02.2019.
 - Decreto de Alcaldía nº 152/2019 do 14.03.2019 polo que se aproba o proxecto modificado redactado polo arquitecto Oscar Sánchez Martínez asinado o 14.03.2019.
 - Decreto de Alcaldía nº 155/2019 do 15.03.2019 de rectificación de erros materiais do Decreto 152/2019 do 14.03.2019.
- **Conservación do Castelo de Andrade:**
 - Decreto de Alcaldía nº 108/2019 do 25.02.2019 polo que se aproba o proxecto modificado redactado polo arquitecto Oscar Sánchez Martínez asinado o 22.02.2019.
 - Decreto de Alcaldía nº 154/2019 do 14.03.2019 polo que se aproba o proxecto



modificado redactado polo arquitecto Oscar Sánchez Martínez asinado o 14.03.2019.

– **Reforma da Escola Unitaria de Campolongo:**

– Decreto de Alcaldía nº 99/2019 do 22.02.2019 polo que se aproba o proxecto modificado redactado polo arquitecto técnico José Vázquez Pan asinado o 29.01.2019.

– **Pavimentación Rúa Gonzalo Torrente Ballester:**

– Decreto de Alcaldía nº 101/2019 do 22.02.2019 polo que se aproba o proxecto modificado redactado polo enxeñeiro de camiños, canais e portos Pablo Blanco Ferreiro asinado o 21.02.2019.

Documento asinado dixitalmente, na data que figura á marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

6.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA PRESIDENCIA.

A Sra. Secretaria da lectura á proposta da Alcaldía-Presidencia, que se transcribe a continuación:

**“ DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DE ALCALDÍA PRESIDENCIA.
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28/03/2019**

(Expediente TEdC: 2019/G006/000047)

De conformidade co disposto no artigo 42 do Real decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, dáse conta aos concelleiros e concelleiras das Resolucións da Alcaldía-Presidencia ditadas, dos números **113.2019** de 25 de febreiro ao **175.2019** de 25 de marzo, ambos os dous incluídos, os seguintes:

Nº de Expediente	Asunto	Nº Decreto	Fecha Firma
2019/G003/000132	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DE 28.02.2019	00113/2019	25/02/2019
2019/G003/000122	XUSTIFICACIÓN DO PROGRAMA DE FINANCIAMENTO DOS SERVIZOS SOCIAIS MUNICIPAIS ANO 2018	00114/2019	27/02/2019
2019/G003/000130	PAGO DOS SEGUROS SOCIAIS XANEIRO 2019	00115/2019	27/02/2019
2019/G003/000120	INCIDENCIAS NÓMINA MES FEBREIRO 2019.	00116/2019	27/02/2019
2019/G003/000134	APROBACIÓN NÓMINA MES FEBREIRO 2019.	00117/2019	27/02/2019
2019/G003/000137	SOLICITUDE DE AGADER 2019-2020. Mellora de camiños municipais 2019-2020. Camiño do Mojo	00118/2019	28/02/2019
2019/G003/000135	Solicitud de subvención para iniciativas locais para a mocidade. Iniciativa local imaxina Pontedeume. 2.019	00119/2019	28/02/2019
2019/G003/000138	REMISION DE EXP PROCEDUREMTO ABREVIADO 2/2019 DE CLECE S.A. E	00120/2019	28/02/2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	SOLICITUDE DE DOCUMENTACION		
2019/G003/000129	APROBACIÓN CERTIFICACIÓN Nº 28 E Nº 29 DA OBRA -REHABILITACIÓN E AMPLIACIÓN DO MERCADO MUNICIPAL DE PONTEDEUME.	00122/2019	01/03/2019
2019/G003/000136	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO, CONSTITUCIÓN EN PARTE, EMPRAZAMENTOS E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000029/ 2019 DE GENERALI SEGUROS, S.A. CONTRA VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU E CONCELLO DE PONTEDEUME	00121/2019	28/02/2019
2019/G003/000139	ORDENACIÓN PAGO FACTURAS RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO PLENO 28/02/2019.	00123/2019	01/03/2019
2019/G003/000125	AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL	00124/2019	01/03/2019
2019/G003/000128	SOLICITUDE DE RENOVACIÓN DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00125/2019	01/03/2019
2019/G003/000140	PAGO LIQUIDACIÓN AXENCIA TRIBUTARIA	00126/2019	04/03/2019
2019/G003/000142	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA REFOMA E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DO LOCAL SOCIAL EN VIZÚS (SUBVENCIÓN NOMINATIVA DEPUTACIÓN DA CORUÑA)	00127/2019	04/03/2019
2019/G003/000144	PAGAMENTO RELACION FACTURAS F/2019/5	00128/2019	04/03/2019
2019/G003/000148	CONCESIÓN DE LICENZA DE OBRAS PARA PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN MODIFICADO PARA ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA ACCESIBILIDADE DA ESCOLA INFANTIL "CHALÉ ROSA"; E CONSTRUCCIÓN DE NOVO AULARIO	00129/2019	04/03/2019
2019/G003/000145	NOMEAMENTO INTERVENTOR ACCIDENTAL A ...//..., OS DÍAS 6, 7 E 8 DE MARZO DE 2019 POLA AUSENCIA DA INTERVENTORA TITULAR.	00130/2019	05/03/2019
2019/G003/000141	APROBACIÓN PLAN ORZAMENTARIO A MEDIO PRAZO 2020-2022	00131/2019	05/03/2019
2019/G003/000143	RESOLUCIÓN PROCEDEMENTO PARA IMPOSICIÓN DE PENALIDADES por INCUMPRIMENTO DO PRAZO DE EXECUCIÓN DA OBRA INSTALACIÓN DE CUBRECOLECTORES DE LIXO EN CAMPOLONGO E CENTROÑA (POS ADICIONAL 2016). EXPTE. 2017/C003/000005	00132/2019	05/03/2019
2019/G003/000147	RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 52/2019 DE SOLICITUD DE SUBVENCIÓN PARA APROL RURAL 2019.	00133/2019	05/03/2019



	EXPTE 2019/G003/000046		
2019/G003/000146	ORDENACIÓN PAGO CERTIFICACIÓN Nº8 DA OBRA -RENOVACIÓN DE TUBAXES DE CONDUCCIÓN XERAL EN CABRÍA-, PAS/2015.	00134/2019	05/03/2019
2018/G003/000763	REINTEGRO PARCIAL DE SUBVENCIÓN PARA A CREACIÓN, MANTEMENTO E REFORZO DOS SERVIZOS DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (SNL) 2017	00135/2019	06/03/2019
2019/G003/000152	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00136/2019	06/03/2019
2019/G003/000153	SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN PARA ACONDICIONAMENTO LOCAL DE DEPÓSITO DA BIBLIOTECA MUNICIPAL UBICADO NA CASA DA CULTURA DE PONTEDEUME ANO 2019.	00137/2019	06/03/2019
2019/G003/000151	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00138/2019	06/03/2019
2019/G003/000149	SOLICITUDE DE RENOVACION DE TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00139/2019	06/03/2019
2019/G003/000013	TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO CON MESAS, CADEIRAS E OUTROS ELEMENTOS AUXILIARES XUÑO-SETEMBRO 2018	00140/2019	06/03/2019
2019/G003/000158	EXPEDIENTE DE RECTIFICACIÓN DE ERROS MATERIAIS DO DECRETO 52/2019 PARA O APROL RURAL 2019. EXPEDIENTE 2019/G003/000147	00141/2019	08/03/2019
2019/G003/000164	SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE 12.03.2019	00142/2019	11/03/2019
2019/G003/000160	TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00143/2019	12/03/2019
2019/G003/000156	SOLICITUDE AXUDA AO ABEIRO DA CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL DE OBRAS E SERVIZOS MÍNIMOS MUNICIPAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL PARA A ANUALIDADE 2019.	00144/2019	12/03/2019
2018/G003/000829	DEVOLUCION DE AVAL Á EMPRESA SERGONSA SERVICIOS S.L. POLA EXECUCIÓN DA OBRA "REPARACIÓN DE CUBERTA E ADECUACIÓN INTERIOR DO PAVILLON A CASQUEIRA" POS-2017	00145/2019	12/03/2019
2019/G003/000161	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA CONSTRUCIÓN DE PISTA DE PÁDEL E BALONCESTO 3x3. EXPTE 2018/C003/000009	00146/2019	12/03/2019
2019/G003/000150	ADXUDICACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DA OBRA RENOVACIÓN DE TUBAXES NA REDE XERAL DE ABASTECIMENTO DE AUGA POTABLE EN NOGUEIROSA (Convenio 28-2018- Deputación	00147/2019	12/03/2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

	Provincial da Coruña). EXPTE 2018/C003/000007		
2019/G003/000163	SOLICITA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00148/2019	12/03/2019
2019/G003/000169	ALTA EDITOR -BASE DE DATOS NACIONAL DE SUBVENCIONS-	00149/2019	13/03/2019
2019/G003/000168	ASIGNACIÓN GRUPOS POLITICOS 1º TRIMESTRE 2019	00150/2019	13/03/2019
2019/G003/000165	Solicitud de axuda á Deputación da Coruña para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación para o ano 2019	00151/2019	14/03/2019
2019/G003/000173	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA ESTRADA VELLA (POS+ 2019)	00152/2019	14/03/2019
2019/G003/000108	LIQUIDACIÓN PROVISIONAL DO IMPOSTO DE CONSTRUCCIÓN, INSTALACIÓNS E OBRAS (ICIO) E TAXA POR EXPEDICIÓ DE LICENZA URBANÍSTICA	00153/2019	14/03/2019
2019/G003/000174	APROBACIÓN PROXECTO MODIFICADO PARA CONSERVACIÓN DO CASTELO DE ANDRADE (POS+ 2019)	00154/2019	14/03/2019
2019/G003/000176	RECTIFICACIÓN DE ERROS DO DECRETO 152/2019 DO 14.03.2019 DE APROBACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO PARA MELLORA DA CAPA DE RODADURA NA ESTRADA VELLA (POS+ 2019)	00155/2019	15/03/2019
2019/G003/000172	Solicitud de subvención para a organización e descripción dos fondos do arquivo municipal de Ponte deume.fase III (Parcial).	00156/2019	15/03/2019
2019/G003/000171	REMISIÓN EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO, CONSTITUCIÓN EN PARTE E REPRESENTACION DO CONCELLO NO RECURSO CONTENCIOSOADMINISTRATIVO PA PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000024/ 2019 PROCEDIMIENTO ABREVIADO 0000189/2018 DE COMUNIDAD DE PROPIETARIOS EDIFICIO VILLABLANCA PLAYA DE BER 5. CONTRA CONCELLO DE PONTEDEUME.	00157/2019	18/03/2019
2019/G003/000175	MODELO 111 IRPF FEBREIRO 2019	00158/2019	20/03/2019
2019/G003/000183	CONVOCATORIA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE ASUNTOS ECONÓMICOS E FACENDA DE 25.03.2019	00159/2019	20/03/2019
2019/G003/000182	APROBACIÓN CONTA XUSTIFICATIVA ASIGNACION BNG 2018.-	00160/2019	21/03/2019



2019/G003/000181	APROBACIÓN RELACION DE FACTURAS F/2019/7 RECOÑECEMENTO	00161/2019	21/03/2019
2019/G003/000185	APROBACIÓN BASES SELECCIÓN FUNCIONARIO INTERINO ÁREA ECONOMÍA E FACENDA	00162/2019	21/03/2019
2019/G003/000186	Aprobación das bases e convocatoria do proceso selectivo para a selección de persoal funcionario/a interino/a para a cobertura da praza vacante no cadro de persoal municipal do concello de Pontedeume, Técnico Superior en Administración Xeral, adscrito á Area de Administración Xeral e Réxime Interior, Funcionario da escala de Administración Xeral, Grupo A.	00163/2019	21/03/2019
2019/G003/000178	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00164/2019	21/03/2019
2019/G003/000179	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (DEPENDENCIA)	00165/2019	21/03/2019
2019/G003/000187	EMPRAZAMENTO NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO PROCEDEMENTO ABREVIADO 0000029/ 2019 DE GENERALI SEGUROS, S.A. CONTRA VIAQUA, GESTIÓN INTEGRAL DE AGUAS DE GALICIA, SAU E CONCELLO DE PONTEDEUME	00166/2019	22/03/2019
2019/G003/000082	EXPEDIENTE DE RESOLUCIÓN DAS SOLICITUDES PRESENTADAS Ó ABEIRO DA ORDENANZA ESPECÍFICA REGULADORA DAS BASES DE CONCESIÓN DE AXUDAS ÁS FAMILIAS PARA A ADQUISICIÓN DE MATERIAL ESCOLAR. CURSO ESCOLAR 2018-2019, EDUCACIÓN INFANTIL, PRIMARIA E ESO DO CONCELLO DE PONTEDEUME.	00167/2019	22/03/2019
2019/G003/000188	XUSTIFICACIÓN DE LIMPEZA DE PRAIAS MARÍTIMAS. AXUDA DEPUTACIÓN 2.018	00168/2019	22/03/2019
2019/G003/000189	NOMEAMENTO AUXILIARES POLICÍAS LOCAIS.	00169/2019	22/03/2019
2019/G003/000190	ORDE DE TRASPASO ENTRE CONTAS BANCARIAS	00170/2019	22/03/2019
2019/G003/000184	Decreto de inicio: procedemento sancionador de tráfico (2019_1º)	00171/2019	22/03/2019
2019/G003/000193	DUPLICADO POR EXTRAVÍO DA TARXETA DE ESTACIONAMENTO PARA PERSOAS CON DISCAPACIDADE	00172/2019	25/03/2019
2019/G003/000180	RELACIÓN DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIONES DO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES, FEBREIRO 2019	00173/2019	25/03/2019
2019/G003/000170	RELACION DE ALTAS, BAIXAS E MODIFICACIÓNS NO PADRÓN MUNICIPAL DE HABITANTES NO MES DE XANEIRO 2019	00174/2019	25/03/2019
2019/G003/000167	PROPOSTA DE ALTA NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR (LIBRE CONCORRENCIA)	00175/2019	25/03/2019

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Documento asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde-Presidente D. Bernardo Fernández Piñeiro, en Ponte deume, a luns 25 de marzo de 2019.”

Os/as membros presentes **TOMAN RAZÓN.**

7.- ACTIVIDADE DE CONTROL DO PLENO: ROGOS E PREGUNTAS.

D. Andrés Pérez Pérez, portavoz do Grupo Municipal do PP, formula os seguintes **ROGOS:**

1. _Rogamos una maior presenza dos municipais en Ricardo Sánchez, a xente quéixasenos de problemas có tráfico nesa zona sobre todo en horas punta.
2. _ Rogamos retiren as luces do metrosidero da Praza Do Conde.
3. _En Boebre fronte ao número 128, teñen problemas de acceso ao domicilio desde que se fixeron as beirarrúas. É máis un día non puido entrar a ambulancia, rogamos arranxen ese problema ou fagan as xestións necesarias ao respecto no caso de que non sexa cousa do Concello.
4. _ Rogamos melloren o acceso ao xardín para cadeiras de nenos pequenos e de minusválidos
5. _Hai moitos bordillos nos pasos de peóns que deberían ser rebaixados para facilitar a accesibilidade.de carriños e persoas con minusvalía: Pílon-Bogavante, fronte ao Torreón.....
6. _ Rogamos limpen as beirarrúas próximas ao portal 4 do numero 34 en Ricardo Sánchez
- 7.- Na dirección anterior tamén sería adecuado reparar o canalón do Centro de Saúde que verte nesa rúa.
- 8.-Próximos ao Centro de Saúde hai dous bancos, dos cales un deles baixo unha arbore, nos piden que limpen máis a miúdo e outro que se atopa moi inclinado, no lateral do FROIZ miren de buscarlle unha solución
- 9.- Veciños do Olmo piden que se limpe o parque ,recoller as polas arrastradas polo vento valeirar a papeleira que que leva toda a semana sen valeirar.
- 10.- Rogamos fagan as xestións para arranxar a a varanda na ponte que hai en Centroña, atopase en mal estado.
- 11.- Tamén nestes días en Centroña os cubre contenedores quedaron abertos có conseguinte risco para vehículos e peóns, pedimos tomen medidas.
- 12.- Na Rúa Río Eume atopase unha valla metálica mal colocada có seu correspondente perigo para vehículos e peóns, rogamos a arranxen.
- 13.-Rogaríamos nos informaran do PEPRI, do que saíu en prensa.

O Sr. Alcalde-Presidente ifnorma que se está a revisar o documento polos técnicos municipais e que será unha vez revisado e realizadas as modificación polo equipo redactor, chamarase á oposición.



Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG intervén para solicitar a convocatoria dunha xunta de portavoces para tratar o asunto.

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se chamará á oposición unha vez se teña o documento revisado e realizadas as modificacións, se proceden.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1. En el cruce Corredoira Das Virtudes, Empedrado y la Tahona, hace unos días se produjo un hundimiento del firme con un socavón con una dimensión bastante considerable. Personal de VIAQUA lo rellenó, pero se está volviendo a hundir. ¿Tienen pensado alguna actuación en este punto?

O Sr. Presidente di que hai que meter a cámara que ten Viaqua para ver onde está o problema e ver se é unha rotura do saneamento o que está a provocar o socavón.

2. La familia Tenreiro hizo una reclamación al concello por la no inclusión en el PXOM del convenio firmado en 1998 de cesión gratuita de terrenos y edificabilidad. ¿Qué se sabe de este tema?

O Sr. Fernández Piñeiro indica que se está a estudar o asunto polos servizos xurídicos da Deputación da Coruña cara a defensa do Concello no procedemento contencioso administrativo interposto sobre o asunto. O Sr. Alcalde informa que solicitan unha indemnización pola edificabilidade que non se recolleu no PXOM.

3. ¿Cómo está el proyecto de la guardería?

O Sr. Alcalde informa que foi remitido o proxecto modificado a semana pasada para que se proceda a licitar a obra, previsiblemente a primeiros do mes de abril.

Dna. Ana Veira García pregunta pola licenza que, revisando decretos, se pediu. O Sr. Fernández Piñeiro di que é o Consorcio o promotor.

4. ¿Tienen ya las bases para los puestos del mercado? Si es así, cuándo se iniciarán los trámites para concurrir a estos puestos?

Dna. Yolanda Vázquez Busto di que se teñen feito consultas á Deputación e aos servizos xurídicos aos efectos de ter un informe que avale o documento. Neste momento, vaise enviar unha documentación requirida ao efecto e que se licitarán o antes posible. Informase que se está a traballar cunha empresa, polas complexas características do prego.

5. La marquesina de Boebre sigue sin colocar, cuando se va a instalar?

O Sr. Fernández Piñeiro di que en breve. Marquesina boebre.

6. ¿Cuándo empiezan las obras de las aceras de Andrade?

O Sr. Presidente indica que a Deputación ten pendente a aprobación do proxecto e que o Concello ten que poñer a disposición os terreos; que se está agardando polas notas simples, pedidas en xaneiro e que aínda non chegaron. Unha vez que teñamos a disponibilidad, trasladarase á Deputación para aprobar o proxecto e licitar.

7. ¿Nos pueden explicar la programación del concello para semana Santa?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Dna. Yolanda Vázquez Busto, concelleira de Cultura, Comercio e Turismo di que non hai programación específica do Concello, que o actos están organizados pola Confraría dos Dolores, coa que se colabora dende o Concello.

8. ¿Hay comisión para el Feirón Medieval?

A Sra. Vázquez Busto di que se está a valorar o formato e a organización por parte do Concello como o ano pasado.

9. ¿Cuándo van a arreglar las piedras sueltas de La Corredoira Das Virtudes?

O Sr. Alcalde-Presidente di que pronto.

10. ¿Hicieron alguna gestión para arreglar las farolas fundidas en la parroquia de Andrade, que van desde el puente hasta la Regueira?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se deu traslado á empresa.

11. ¿Quién limpió alrededor de los almacenes en ruinas frente a la Alameda?

O Sr. Fernández Piñeiro di que as persoas do Obradoiro de emprego están a realizar labores de limpeza. Dependendo da zona, di que non sabe se cortaron estes ou a persoa propietaria.

12. Hace unos días publicaban en prensa la tardanza, de la autorización de patrimonio en darles permiso para limpiar los grafitis del Torreón, hemos preguntado y nos dicen que se aprobó en octubre del año pasado. ¿Por qué han tardado tanto ustedes, en empezar la limpieza?

O Sr. Alcalde contesta indicando que a autorización de patrimonio tardou moito, que é do mes de outubro e que chegou en novembro. Unha vez recibida esta, contratáronse os traballos a finais de decembro e que se van a realizar co bo tempo. Apunta a que o Concello iniciou os trámites a principio de 2017, dando conta da tramitación municipal ao respecto.

De seguido, Dna. Ana Veira García, portavoz do Grupo Municipal do BNG, formula os seguintes **ROGOS**:

1.- Vidrieiro.

Na zona de Vidrieiro hai fochancas de gran tamaño e nalgún cruce sinais de circulación tiradas. Rogamos arranxo destas.

O Sr. Fernández Piñeiro di que se teñen reparado fochancas e que está prevista a recolocación das sinais.

2.- Ocupación de zonas para aparcas.

Sendo unha vila con graves problemas de prazas para aparcas. Nas inmediateiros da alameda están ocupadas por mesas, cadeiras e parasoles. Pedimos control destes feitos que eviten estas ocupacións irregulares.

3.- Convocatoria da Xunta de Portavoces.

Falouse de facer convocatoria para poder analizar o PEPRI. Solicitamos a súa convocatoria inmediata.



Dáse por atendido este rogo na quenda de rogos anterior.

4.- Patio do edificio de Servizos Sociais.

Está sendo utilizado como lugar onde se almacenan materiais de refugallo. Rogamos unha intervención de limpeza.

5.- Páxina web.

Parece ser que xa está rematada e que se vai presentar ao público en xeral en breve. Solicitamos poder coñecela con anterioridade a esta estrea.

6.- Licitación da Piscina Municipal.

Dende que rematou o contrato había o compromiso de facer esta licitación en breve espazo de tempo. Pedimos a súa licitación.

7.-Cumprimento de mocións aprobadas.

Cando se aproba unha moción o goberno municipal ten a obriga de cumprir os acordos. Na Moción de Memoria Histórica se nos dixo en varios plenos que se estaba a estudar cumprila con algunha actividade. Solicitamos o seu cumprimento.

8.-Gardería Municipal.

Vanse acometer obras nesta instalación que afectarán usuarios/as e traballadoras. Rogamos a elaboración dun plan de actuación que evite someter aos nenos/as a situacións de ruídos, ...

O Sr. Presidente di que cando se licite a obra se convocará unha reunión entre as partes.

9.- Patio cuberto do CEIP de Andrade.

Tendo en conta que os centros educativos deben contar con instalacións axeitadas para o alumnado. O CEIP de Andrade carece de patio cuberto. Pedimos que se estude esta necesidade e se traslade a petición do mesmo ante a autoridade educativa.

10.- Licitación do mantemento do alumado público.

O gasto deste servizo é moi importante e non pode, segundo repetidos informes técnicos seguir facéndose en falsos contratos menores. Solicitamos que se licite este servizo.

11.- Desatención ao requerimento.

No decreto 93 deste mes faise alusión á desatención do requerimento de Augas de Galicia polos verquidos en Ver. Isto conlevou unha infracción leve cunha multa de 500€. Rogamos que estas situacións non se repitan polo que supoñen para as arcas do municipio.

O Sr. Bernardo Fernández Piñeiro fai referencia ao volumen de escritos que se reciben dende augas de Galicia e que, debido ao volumen de traballo dos departamentos, incluso el mesmo redacta escritos de resposta.

E as seguintes **PREGUNTAS**:

1.- Bases para licitación dos postos do mercado.

No pleno de xaneiro do 2019 afirmouse que nunha semana estarían esas bases feitas. No de febreiro que hai un borrador. Como está a situación a finais de marzo? En canto tempo estimen que se fará e poderá abrir o Mercado?

Dáse por contestada na quenda de preguntas anterior.

2.- Plan de transporte público por estrada.

No pleno do mes pasado preguntamos pola situación deste Plan para Pontedeume. Os anteproxectos nos que está implicado este concello están abertos a alegacións. XG639: Termos municipais de Pontedeume, Cabanas, Vilarmador e Irixoa. XG641: Comarca do Eume. Dixéronnos que estaban estudándoo e en tempo de alegacións Presentaron algunha alegación?

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

O Sr. Alcalde-Presidente di que as achegas do Concello se trasladaron directamente ao director Xeral de mobilidade nunha reunión a semana pasada. Non no prazo de alegacións.

3.- Plan normativo 2019.

No pleno de decembro do 2017 aprobouse o Plan Normativo para o ano 2018 que contemplaba unha temporalidade que segundo se nos dixo no pleno de xuño dese ano non se estaba a cumprir. Que se fixo dese Plan? Cal é o grado de cumprimento neste ano 2019?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que se modificou a ordenanza dos BIC e que se está a traballar cos borradores para a modificación das ordenanzas do IVMT, coa inclusión das características de vehículos híbridos, eléctricos, exención dos de rally...; das terrazas, caixeiros automáticos, tala de madeira...no que se avanzará coa incorporación da persoa do posto de Tesourería.

4.- Axudas de material escolar.

Xa estamos achegándonos ao derradeiro trimestre do curso 18/19. En que situación están estas axudas? Cando pensan convocar as seguintes?

Dna. Raquel Caruncho Corral, concelleira de Servizos Sociais, Educación e Deportes di que xa está aberto o prazo para a xustificación, que remata o 17 de abril e que as seguintes convocaranse previsiblemente a principios de curso.

5.- Espello de esteiro.

Xa hai un ano que se solicitou a súa colocación. Para cando será unha realidade?

D. José Simoes Couceiro, concelleiro de Formación, Réxime Interno e Emprego di que xa está posto.

6.- Recollida de pilas.

Xa hai meses que pedimos que houbera puntos de recollida de pilas. Xa teñen algún plan?

O Sr. Simoes Couceiro indinca que xa están postos, no Edificio de Servizos Sociais e en FOREMDES.

7.- Seguridade nos pasos de peóns. Instalacións de novos.

En reiteradas ocasións pedimos medidas de seguridade para diversos pasos de peóns. Actualmente colocaron 12 ollos de gato en dous. Cal é a planificación que teñen? Paso de peóns na Alameda. Esta foi unha demanda feita hai tempo dado que é un espazo transitado. É unha vía da vila. Para cando?

D. José Simoes di que, tal e como se comentou en Plenos anteriores, en Ricardo Sánchez estase á espera da autorización da Xunta. Indica que onde se colocaron, a estrada é da Deputación. No que respecta ao da Alameda, pediuse un informe a policía local e cando teñan a resposta, actuarase.

8.- Vehículos respectuosos co medio.

Solicitamos unha rebaixa do imposto de vehículos para aqueles que fosen respectuosos co medio ambiente. Xa pensaron que facer?

O Sr. Alcalde di que está recollida no borrador da modificación da ordenanza que se está a tramitar.



9.- Prazas de aparcadoiro.

Dixosenos que estaban a estudar o cumprimento da súa promesa para a creación de prazas de aparcadoiro. Cal é o plan neste momento? Xa teñen proxectos de situación?

D. Bernardo Fernández Piñeiro di que teñen varias fincas miradas e que se está a negociar coas persoas propietarias. Indica que se informará do asunto cando teñan algo pechado e da conta da situación derivada do cambio de cualificación do solo en tanto que fincas que estaban como "dotacional" anteriormente no PXOM pasaron a "urbanizable".

Dna. Ana Veira García pregunta polo valado colocado no edificio de servizos sociais. D. Bernardo Fernández Piñeiro di que foi por un canalón que se descolgou co vento.

10.- Resposta aos escritos.

O 14 de febreiro rexistramos un escrito con diferentes preguntas en relación ao servizo das escolas deportivas municipais. Cando contestarán ao mesmo? Como está a situación actual do servizo?

Dna. Raquel Caruncho Corral indica que o informe xa está redactado, se ben se fixo un requirimento de información á empresa. Di que se lle dará traslado en breve. No que respecta á situación do servizo actual, manifesta non ter constancia de que sucedera nada nas últimas semanas e que cada actividade conta co seu monitor correspondente e que se recuperarán as clases no mes de xuño.

11.- Coliseo García Novoa.

Prometeron realizar xestións para adquirir este local. Cales foron as actuacións ata agora?

O Sr. Alcalde indica que a primeira foi facer un estudo para ver o uso como auditorio e, logo, falar cos propietarios. Sobre a previsión de convertilo nun auditorio, logo dun estudo, non é viable, xa que a modificación do edificio conforme á normativa de accesibilidade non supoñería maior capacidade de butacas que a casa da cultura, polo que non resulta rendable a compra (500 mil euros) e que saíría máis barata a construción dun edificio novo, xa que a compra e o arranxo do dito edificio supoñería o gasto de un millón de euros. Di que se podería mirar outro uso en tanto se negocie o prezo de venda.

12.- Servizo de Axuda a Domicilio.

Actualmente a empresa que realiza este servizo está en prórroga. Cal é a situación actual? Está disposta a empresa a continuar con este servizo?

Dna. Raquel Caruncho Corral di que o servizo non está en prórroga e que a empresa presentou un escrito de non aceptación desta por non lle ser sostible a dita prestación, se ben están obrigados a prestar o servizo ata a nova licitación.

13.- Día do libro 23 de abril.

Xa pasou o día da Paz (xaneiro) sen nada organizado, o día da árbore e da poesía (21 de marzo) sen ningún acto, logo de dicir nun pleno que estaban facendo unha programación. Agora achégase outra data emblemática e que tiñan a promesa de recuperar ou dar pulo. Cales son os actos para este 2018?

Dna. Yolanda Vázquez Busto da conta da programación municipal das actividades da Biblioteca, con motivo do día do libro. Sobre o certame da poesía, indica que se intentará impulsar o certame poético para a súa celebración durante as festas das peras.

Yolanda. Comezou a publicitarse outro. Ídase celebrar o último domingo do mes...o día 7 de abril. Xoves 4, presentación contacontos. Domingo 7 exposición librerías, paco nogueiras, charamela ctuación, presentación libro lúa infantil, pepeblo patião. (programación biblioteca)

REMATE DA SESIÓN



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as quince horas e vinte e seis minutos do expresado día. Autorízase o presente borrador da acta coas sinaturas dixitais do alcalde e da secretaria, que dá fe.

